

NECESIDADE DE ESPECIALISTAS EN ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA NA ATENCIÓN PRIMARIA DE GALICIA

Os profesionais que adquiren unha formación especializada en Enfermería Familiar e Comunitaria conseguen as competencias e coñecementos necesarios para levar a cabo un traballo na Atención Primaria acorde as necesidades de saúde da comunidade, facendo un uso eficiente dos recursos e cun inmenso potencial para crear e impulsar novas estratexias de mellora nos cuidados e na promoción e prevención da saúde da poboación Galega.

No *anexo I*, aparecen descritas algunhas das competencias específicas que estes profesionais adquiren o longo dos dous anos de formación tal e como veñen recollidas no programa formativo da especialidade e que os capacita para coidar o individuo, as familias e a comunidade en todas as etapas do ciclo vital do individuo, implementando tamén accións de promoción da saúde. Todas estas competencias específicas fan que os especialistas teñan unhas características propias e ben diferenciadas as cales capacitaos para desenrrolar o seu traballo tanto nos Centros de Saúde como no campo da Saúde Pública, de carácter excelente.

Para que todo isto sea posible, ademais das súas actitudes e habilidades, é necesario que se lles teña en conta como novo recurso sanitario desde a dirección do SERGAS.

ANEXO I

COMPETENCIAS CLÍNICAS AVANZADAS DOS ESPECIALISTAS EN ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA.

Publicadas no BOE, Orden SAS/1729/2010, de 17 de Xunio.

Competencias na saúde pública e comunitaria.

Capacidade para:

- a) Analizar a situación de saúde da comunidade e planificar e desenrrolar programas de promoción da saúde comunitaria.
- b) Planificar e desenrrolar programas de educación para a saúde na comunidade.
- c) Diseñar, executar e avaliar programas de vixilancia epidemiolóxica.
- d) Fomentar e xestionar a participación comunitaria.
- e) Establecer unha comunicación efectiva con institucións, servizos comunitarios e cos diferentes niveis de atención dos servizos de saúde.
- f) Planificar e desenrrolar accións sobre a saúde medio ambiental.
- g) Colaborar con outros especialistas e profesionais nos programas de saúde nos entornos laborais da comunidade.
- h) Coñecer o sistema de información, seguimento e control de accidentes laborais e enfermidades profesionais.

Competencias na investigación.

Capacidade para:

- a) Basar a súa práctica clínica e a dos equipos que lidera na mellor evidencia dispoñible.
- b) Xerar coñecemento científico.
- c) Difundir o coñecemento científico.

Competencias docentes.

Capacidade para:

- a) Identificar e valorar as necesidades de formación e os factores que inflúan no aprendizaxe de coidados no ámbito familiar e comunitario, que permitan dar unha resposta eficaz e eficiente.
- b) Elaborar os obxetivos de aprendizaxe.
- c) Determinar o plan de enseñanza que mellor se adapte as necesidades/demandas identificadas.
- d) Decidir as fórmulas pedagóxicas que se utilizarán e que mellor se adapten a cada caso concreto.
- e) Xestionar e facilitar a preparación e utilización adecuada do material didáctico necesario para impartila enseñanza.
- f) Xestionar a aplicación do plan de enseñanza.
- g) Evaluar a consecución do aprendizaxe e enseñanza das persoas.
- h) Diseñar textos de divulgación: folletos, protocolos, artigos de opinión.
- i) Resultados de aprendizaxe: Determina o nivel de coñecementos do grupo o que vai dirixida a formación.

Atención a saúde ante situacións de fragilidade ou risco socio-sanitario.

Capacidade para:

- a) Fomentar a saúde e a integración de grupos rexeitados ou en risco de exclusión social (inmigrantes, minorías étnicas e outros colectivos).
- b) Xestionar intervencións ligadas a problemas de: Inmigración, minorías étnicas, discapacidade, subdesarrollo, marxinação e outros.
- c) Detectar e intervir cedo en situacións de fragilidade socio-sanitaria das persoas en tódalas etapas vitais.